



Concello de Sober



Francos de Proendos, parroquia de Proendos (Sober)

Unha aldea modelo é un tipo de instrumento de recuperación da terra agraria que ten como obxectivo poñer en produción, de maneira sostible, as terras abandonadas de alta capacidade produtiva que rodean os núcleos de poboación, contribuíndo así á creación de actividade agrogandeira e á redución do risco de incendios.

Condições:

- As terras perimetrais da aldea deben estar na súa maioría nun estado de grave abandono, á vez que deben ter unha boa capacidade produtiva.
- É necesario o acordo das persoas propietarias dun mínimo do 70% da superficie.
- As persoas propietarias dos terreos comprométese a incorporalos ao Banco de terras por un período mínimo de 10 anos.

Características:

- É un instrumento totalmente voluntario; se o propietario non quere participar, as súas terras quedan excluídas.
 - Non se reestruturan as parcelas, é dicir, non se tocan os marcos.
 - As parcelas son arrendadas ás persoas propietarias a través do Banco de terras, polo que estes conservan a súa titularidade.
 - Préstase especial atención ao mantemento, conservación e recuperación das infraestruturas agrarias (valados e rede de camiños interiores).
 - É unha actuación respectuosa e sostible, ligada fundamentalmente a producións tradicionais e preferiblemente ecolóxicas.
 - Formarán parte dunha Rede de Aldeas Modelo para xerar sinerxias e compartir coñecementos.
- Fundamento legal:
- Artigos 79 e seguintes da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
 - Artigos 47.bis e 47.ter da Lei 6/2011 de mobilidade de terras.



Concello de Sober

INFORMACIÓN DA ZONA DE ACTUACIÓN NA ALDEA MODELO DE FRANCOS DE PROENDOS;

Data declaración Aldea Modelo: 21/01/2022

Superficie do perímetro da Aldea Modelo: 16,81 ha

Superficie de actuación aldea s/n: 12,87 ha (excluída zona de núcleo rural e camiños)

Nº parcelas: 119

Nº titulares catastrais: 70.

Descarga a resolución de aldea modelo a Francos de Proendos:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230224/AnuncioO90-130223-0002_gl.pdf

Descarga de proxecto de orientación productivo de Francos de Proendos:

<https://agader.xunta.gal/gl/recuperacion-de-terras/aldeas-modelo/francos-de-proendos>

Consulta máis información sobre as aldeas modelo do Agader no seguinte enlace:

<https://agader.xunta.gal/es/recuperacion-de-tierras/aldeas-modelo>

Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural a través da Resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de creación, melloras e ampliación de servizos básicos locais en aldeas modelo e ámbitos territoriais vinculados aos instrumentos de recuperación da terra agraria, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2023. Doga nº 23 do 02/02/2023.

PROXECTO SUBVENCIONADO **"Melloras no núcleo de Francos, Proendos, Sober. Lugo"**, redactado en data de febreiro de 2023, por Don Ramón Carlos Fernández Losada, Arquitecto Colexiado no COAG nº 2185, e que presenta un **orzamento total honorarios incluídos e ive de 117.262,50 euros (109.875,88 euros ive incluído de orzamento de contrata, e 7.386,62 euros ive incluído de gastos de honorarios de proxecto e dirección de obra).**

Axuda aprobada para a execución dos investimentos descritos dacordo coa seguinte relación (resolución de concesión de subvención de data de 16.06.2023):

Orzamento aceptado: 114.560,04 €

Porcentaxe de axuda: 80%.

Importe axuda: 91.648,03 €.

Distribución por Fondos:

FEADER: 68.736,02 €


MAPAMA: 6.873,60 €

XUNTA GALICIA: 16.038,41 €.



Concello de Sober

PUBLICIDADE OBRA:



Concello de Sober

Plaza del Concello, s/n, Sober. 27460 (Lugo). Tfno. 982460001. Fax: 982460002



Concello de Sober
